

TROCA O TEMPO

(SOPRANOS)

Mmmmmm

Dábanse bicos os merlos e voaba aquela pombiña,

Soaba o vento nas árboles e a auga baixa soíña

Cantaban os paxariños mentras o vento asubiaba,

Fuxían de un a un de aquí, ningún paxaro quedaba.

Tremía de pena e tristura e sen sorriso quedaba,

Mirando a viña sen folla, eu soíño me quedaba.

Os ríos xa baixan moi cheos, daquelas augas bravías,

Levándose elas as follas e as bágoas de min caían.

Ai la la la, Ai la la la la la la... la la la

La la la la, e cando pasou o inverno

cantaban aqueles grilos e tamén cantan os merlos.

La la la la, e cando pasou o inverno

cantaban aqueles grilos e tamén cantan os merlos.

E tamén cantan os merlos.